

ABSTRACCIÓN

OBRA: PRIMEIRA ACUARELA ABSTRACTA

AUTOR: Wassily **KANDINSKY**

CRONOLOXÍA: 1910-13

ESTILO: Pintura abstracta (Abstracción lírica)

TÉCNICA: Acuarela, tinta chinesa, lapis

MEDIDAS: 50 cm x 65 cm

LOCALIZACIÓN: Centro Pompidou, París



ARTISTA E CONTEXTO ARTÍSTICO

Logo do retorno ao ideal clásico de figuración durante o Renacemento, a representación naturalista dominaría a arte occidental durante máis de cinco séculos. Esta persistente visión renacentista comezou a ser cuestionada a finais do S.XIX, cando os artistas chamados postimpresionistas usaron unha serie de novos principios plásticos.

A chegada do novo século coincidiu co xurdimento dos primeiros movementos modernos, o *Fauvismo* e o *Cubismo* en Francia e o *Expresionismo* en Alemaña, que iniciaron a ruptura coa tradición dominante. O paso decisivo de superación da figuración foi dado polo artista ruso Wassily Kandinsky, que en 1911 fundou o grupo expresionista *Der Blaue Reiter* (*O Xinete Azul*) en Munich. Do cunxunto de ideas nas que Kandinsky se baseou para crear as súas acuarelas abstractas pódense diferenciar dúas vertentes: a plástica e a espiritual, aínda que ámbalas dúas estiveron íntimamente ligadas entre si.

A arte abstracta comezou a tomar forma coas primeiras obras de Kandinsky cara a 1910. Consistía en “abstraerse” dos elementos visibles da natureza, o que levaba á liberdade absoluta na elección das cores e no motivo a desenvolver sobre o lenzo. A pintura abstracta rexeita copiar ou imitar a realidade, someténdose ao que interpreta a conciencia do autor e substituíndo a percepción tradicional, co que non hai figuras nin obxectos recoñecibles nas súas obras. Non posúe, a diferenza doutras vangardas, dun programa ideolóxico. Curiosamente, a abstracción na arte non é unha invención do S.XX, senón unha tendencia artística que ten a súa orixe na Prehistoria (pintura do Neolítico), nas culturas primitivas, no Prerrománico, o una Arte Islámica. Nun primeiro momento chamouse “abstracción lírica” ou cromática e estivo representada por Kandinsky e Paul Klee. A partir de 1913 a Abstracción pasou a denominarse “abstracción xeométrica” e estivo encabezada por Malevich (*Suprematismo*) e Mondrian (*Neoplasticismo*). En ámbalas dúas correntes son inexistentes as representacións da realidade e o interese céntrase en experimentos sobre a cor e a composición.

Wassily Kandinsky (1866-1944) foi un pintor e teórico de orixe ruso establecido en Alemaña. En 1906 intervén no movemento fauvista, despois dunha serie de exóticas viaxes polo norte de África. En 1910 abandonou a arte figurativa e iniciouse na abstracción lírica. Despois da fundación en 1911 do Xinete Azul publica varias obras teóricas nas que defende a liberdade absoluta do pintor, cun radicalismo que o levaría á Abstracción. Despois dunha breve estancia en Rusia, volveu a Alemaña en 1922, reclamado por Gropius para traballar como profesor na Escola da Bauhaus da República de Weimar ata o seu peche en 1933 polos nazis. En 1929 fixo a súa primeira exposición individual en París, a onde se trasladou e comezou unha nova etapa, a “gran síntese”. En Francia contactou con importantes artistas como Arp. A súa carreira desenvolveuse entre Munich, Moscova, Weimar e París, o seu último lugar de residencia.

Fascinado polo colorido impresionista, adoptou conceptos musicais dentro da súa pintura, e así referíase ao “sonido das cores”. Esta idea baséase en que o efecto físico dunha cor provoca unha vibración

ánimica que se traslada a outros sentidos, prantexando comparacións entre os ritmos musicais e cromáticos. Nas súas obras consegue transmitir un gran dinamismo e moita enerxía ao contrapoñer liñas e manchas de cores brillantes que armonizan entre si.

COMENTARIO

A pesar de que non ten título, esta acuarela de Kandinsky mundialmente coñecida como *Primeira acuarela abstracta*, abriu o camiño da Abstracción. Enténdese por pintura abstracta aquela que prescinde por completo do obxecto e da figura e o cadro componse mediante a combinación de liñas e cores. Os movementos anteriores, desde o Impresionismo, xa se encamiñaron cara a unha non copia da realidade. Desde entón íase reducindo o concepto de arte como imitación. Pero a abstracción leva este principio ata as últimas consecuencias ao prescindir por completo a referencia á realidade externa do cadro.

Kandinsky pinta o seu primeiro cadro abstracto cando o debate creador da pintura abstracta está en auge. A idea da abstracción aparece tamén coetaneamente en pintores como Mondrian, Malevich, Delaunay, Kupka ou Picabia.

En 1908, instalado en Murnau, cerca de Munich, Kandinsky comeza a desenvolver unha pintura que paulatinamente se iría achegando á abstracción a través de formas simplificadas e cores intensas, como verdes, azuis, vermellos e amarelos. O afastamento do naturalismo e a tendencia cara á arte abstracta efectúouse en Kandinsky entre 1910-1913 nunha serie de obras que denominou *Impresións, Improvisacións e Composicións*. Nestas pinturas custa recoñecer a plasmación dunha figuración.

É en 1910, a pesar de que algúns especialistas tenden a situala en 1913, cando pinta a *Primeira acuarela abstracta*. A partir desta data a súa pintura basearase nos principios expostos na súa obra teórica *Sobre o espiritual na Arte*, escrita en 1911 e publicada en 1912, onde relaciona os principios da música e da pintura, especialmente o concepto do ritmo. A Arte debe expresar o espírito, a súa realidade interior. É o descubrimento de que as formas coloreadas presentan propiedades expresivas propias. A súa receptividade cara á cor foi a clave do desenvolvemento da súa produción artística.

Sobre un espazo imaxinario flotan e móvense formas abstractas coloreadas nas que non se atopan referencias miméticas. A obra respira un sentido de liberdade, lirismo, que xunto á fluidez das manchas de cores, dispostos arbitrariamente, con gran intuición estética, e o xesto nervoso da liña configuran un espazo de gran dinamismo. De feito, esta autonomía da cor é o que lle permitiu ensinar unha concepción da pintura próxima á pureza musical.

Para Kandinsky, tanto as cores como os sons teñen unha capacidade e significado expresivo propio que conduce a unha experiencia espiritual, dando como resultado neste caso unha obra de gran creatividade e movemento en que as cores son os protagonistas absolutos.

Anos máis tarde, o concepto de abstracción foi cuestionado por Theo van Doesburg, provinte como Mondrian do grupo holandés De Stijl, cando propuxo o concepto concreto para denominar unha arte sen representación figurativa directamente xurdido da xeometría, descartando un proceso de abstracción que partise do figurativo. Pero o concepto abstracto mantivo a súa vixencia, e foi durante décadas unha das expresións máis importantes. Un vital movemento en cuxos orixes as acuarelas abstractas de Kandinsky tiveron un papel preponderante, polo que o pintor ruso, precursor da abstracción en pintura, e teórico da arte, é considerado como iniciador da "Abstracción lírica".